



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

San Lázaro s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

: 922316 22.12.06 14:36

**SAÍDA**

Estimado Alcalde,

EXCMO. SR. D. JOSÉ LÓPEZ OROZCO	
ALCALDE DO CONCELLO DE LUGO	
CONCELLO DE LUGO	PRAZA MAIOR, S/N
REXISTRO XERAL	27001 Lugo
18.12.2006	
ENTRADA N.º 74389	
NGDO. PLANEAMIENTO	

En relación á solicitude do 12 de setembro de 2006 feita por vostede en calidade de Alcalde do Concello de Lugo con rexistro de entrada nesta Consellería 17.812 o día 15 de setembro de 2006, na que solicita a declaración de inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aos trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006 do 28 de abril, comunicolle que para se acoller ao apartado segundo da disposición transitoria primeira da Lei 9/2006 é preciso que o PXOM teña sido aprobado provisionalmente, xa que sobre esa documentación será sobre a que ponderarán e analizarán as circunstancias do PXOM do Concello de Lugo que permitirán concluír acerca da viabilidade ou inviabilidade de aplicación da antedita Lei.

Porén, en favor da eficacia na aplicación deste procedemento e tendo en consideración o estudo preliminar que por parte dos servizos técnicos desta Dirección Xeral se tiña elaborado sobre a documentación de Aprobación Inicial do PXOM do Concello de Lugo compre facer as seguintes consideracións

1. Os abastecementos de auga previstos no PXOM do concello de Lugo baséanse no recurso hídrico que supón a presencia do río Miño polo que o planeamento non considera un problema a dispoñibilidade de recursos para o abastecemento de novos desenvolvimentos.

Por outra banda aínda no eido do abastecemento, no mesmo PXOM se sinala que o crecemento previsto duplica a capacidade da actual ETAP así como a necesidade de algunas outras infraestruturas.

O PXOM deberase acompañar dunha xustificación sobre a capacidade de soporte do sistema hídrico, a suficiencia do suministro e das infraestruturas de distribución de auga ás previsións a teito de planeamento tendo en conta a variabilidade estacional da poboación e dos recursos hídricos considerando os puntos máximos



de demanda e mínimos de oferta. Nos casos en que se detecte a necesidade de novas infraestruturas ou ampliación das existentes se deberán concretar.

2. O documento de Aprobación Inicial do PXOM pon de manifesto as insuficiencias da rede de saneamento actual do concello de Lugo, entre elas o feito de que a EDAR de Lugo está deseñada para unha poboación equivalente de 88.000 habitantes, o que fai que a estación estea a funcionar con caudais superiores aos de deseño.

As propostas incluídas no PXOM para solventar os problemas detectados de saneamento deberan presentar cun detalle das novas infraestructuras con datos que, en definitiva, deberán permitir a comprobación de se o planeamento asegurará a xestión e depuración das augas residuais que se xerarán no global do planeamento no seu teito de desenvolvemento.

Por último, ao respecto do saneamento, resulta fundamental evitar que o polígono industrial do Ceao continúe a verter as súas augas residuais á rede de saneamento urbano podendo facer chegar á depuradora sustancias tóxicas que a depuradora non esta preparada para tratar.

3. Correspondendo aos instrumentos de planeamento urbanístico, incluir un estudio sobre a xeración e a xestión dos residuos urbanos, concordante cos planes autonómicos e locais de residuos, no territorio obxecto de planeamento, deberase describir e xustificar como o PXOM de Lugo aborda a xeración e xestión dos residuos urbanos, o que para o cumprimento dos seus obxectivos debe atender ás seguintes prescricións: garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos para a totalidade dos novos asentamentos; prever a reserva de solo suficiente para garantir a operatividade axeitada das instalacións de transferencia de residuos sólidos urbanos, descripción dos novos emprazamentos previstos de tal xeito que garantan a súa idoneidade; a previsión dos terreos idóneos, dentro das redes xerais, para a ubicación dun número suficiente de Centros de Recollida de Residuos Valorizables e Especiais ou "Punto Limpo", que dean servizo á totalidade do concello; a previsión dos terreos idóneos e as medidas axeitadas para a implantación dun número suficiente de centros de recollida de residuos non perigosos nos novos sectores de solo industrial.



Este momento na elaboración do PXOM é o máis axeitado para escoller e delimitar o emprazamento do novo punto limpo na zona sur do municipio que se menciona no PXOM.

4. Atendendo ao modelo de asentamento da poboación de Concello de Lugo, ás novas infraestruturas e aos fortes incrementos constructivos e demográficos previstos no PXOM, precisase xustificación da integración de criterios de sustentabilidade á hora de afrontar a problemática da mobilidade no planeamento, con indicación e análise das posibilidades ou riscos de fenómenos de segregación social, repercusións ambientais derivadas do previsible incremento do vehículo privado, aumento dos tempos medios de desprazamento, aumentos dos consumos por habitante e aumentos das emisións por habitante.

Deberá xustificarse que o novo planeamento mellora indicadores tales como a distribución modal do espacio público (porcentaxe de ocupación de espacio público polo vehículo privado, transporte público, peón, bicicleta respecto ó total), vías de coexistencia, itinerarios reservados ao transporte público, etc. Todo iso con vistas a garantir que o planeamento compatibiliza o crecemento urbanístico cunha mellora nos parámetros da sustentabilidade, priorizando os transportes públicos e favorecendo os desprazamentos de curto percorrido.

5. O PXOM de Lugo debe analizar as emisións dos contaminantes principais á atmosfera, para o cal se debe aportar un cálculo e valoración das emisións á atmosfera actuais, e unha previsión da situación a teito de planeamento, garantindo que se cumplen obxectivos de sustentabilidade, e que o modelo de ordenación proposto mellora os parámetros de emisión por habitante respecto á situación actual.

Para isto deberanxe valorar as emisións dos contaminantes principais á atmosfera nas situacións pre e postoperacional, incluindo as fontes de orixe doméstica, as de orixe industrial, as do tráfico rodado e outras, de alomenos os seguintes compoñentes: dióxido de xofre ( $\text{SO}_2$ ), monóxido de carbono (CO), óxidos de nitróxeno ( $\text{NO}_x$ ), partículas en suspensión (Pst e PM-10), benceno e ozono.

Na valoración das fontes de emisión domésticas deberán terse en conta o incremento previsible de poboación e as súas necesidades en materia de



calefacción, cociña e auga quente sanitaria, segundo o tipo de enerxía que se pretenda utilizar.

Na valoración das fontes de emisión debidas ó tráfico terase en conta o tráfico interior e o inducido polo novo planeamento.

Na valoración das fontes de emisión industriais terase en conta a limitación que se pretenda impoñer ó uso industrial do territorio.

6. Precísase unha xustificación do xeito en como o PXOM de Lugo, de acordo coa normativa aplicable, procede á establecer medidas de protección contra a contaminación acústica en torno as infraestructuras viarias de alta capacidade, en particular, no que respecta aos novos tramos que terminarán por configurar a terceira roldá, axustándose aos límites establecidos no referente a zonas de servidume.

Por último, reiterar a validez dos demais aspectos mencionados no informe ambiental de 8 de maio de 2006 elaborado por esta Dirección Xeral e remitido ao Concello de Lugo con rexistro de saída 7.822 e data 9 de maio de 2006. Estes aspectos ao respecto da sustentabilidade deberán ser consideradas no proceso de elaboración do documento para aprobación provisional deberanse considerar das apreciacións.

Quedo á súa enteira disposición para aclarar calquera dúbida ao respecto.

Atentamente

Santiago de Compostela a 22 de decembro de 2006  
O DIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

